



SOLICITUDE DE LICENCIA PARA OCUPACIÓN DE VÍA

Interesado			
NIF/CIF	Nome e apelidos		
Enderezo para os efectos de notificacións			
Municipio	C.P.	Provincia	Teléfono
Teléfono móbil		Correo electrónico	
Representante			
NIF/CIF	Nome e apelidos		

EXPÓN

Que pretendo proceder á instalación dun elemento auxiliar na vía pública:

- VALADO CONTENEDOR ANDAMIO CAMIÓN GUINDASTRE
 GUINDASTRE FIXO OUTROS:

Que se situará na rúa/praza,
utilizarase para realizar as seguintes obrase
coas seguintes características:

- Lonxitude: Ancho:
- Data de comezo da ocupación:

Declaro baixo a miña responsabilidade que as características indicadas reflicten fielmente a ocupación de vía pública que pretendo realizar, e que se cumprirán as condicións de seguridade e ocupación da vía pública.

Documentación presentada

- Copia da solicitude de licenza de obra ou declaración responsable.
 Plano ou croquis no que se especifique o emprazamento da instalación. No caso de guindastre fixo, o plano a presentar será o contido no estudio ou no plan de seguridade da obra.
 Copia do seguro de responsabilidade civil ó corrente de pago, no caso de andamio ou guindastre.
 Xustificación do pago de tributos correspondentes que establezan as ordenanzas fiscais.

Polo exposto, **SOLICITO** a autorización municipal para a ocupación de vía.

Carballo, de de 20

Asinado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CARBALLO

Informe da Policía Local sobre a ocupación solicitada	
<input type="checkbox"/> Favorable <input type="checkbox"/> Desfavorable Data: Asdo.:	Observacións:

ADVIRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas “a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato ou información que se achegue a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada dende o momento no que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

Asemade, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto perante un período de tempo determinado pola lei, conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación”.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do Concello de Carballo. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no Rexistro do Concello.

CONDICIÓN DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA

- Deixarase un paso para peóns cun ancho libre mínimo de 0,90 m. acaroadado á liña da edificación, segundo o especificado na Lei 8/1997 e Decreto 35/2000, sobre supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa de aplicación. No caso de que por imposibilidade dos traballos a executar non se poida cumprir esta condición, substituirase por un paso semellante protexido na zona libre da beirarrúa ou mesmo na calzada de tal xeito que se permita o paso de persoas con mobilidade reducida.
- Só se poderá ocupar a calzada na zona correspondente ao estacionamento de vehículos e nunca de circulación. Colocaranse valas de protección delimitadoras do contorno.
- Tomaranse as medidas oportunas encamiñadas á seguridade dos viandantes e o menor prexuízo para o tránsito público, por exemplo mediante a colocación dunha tarima de protección de caída de materiais, e/ou cunha rede de protección.
- O elemento auxiliar instalado manterase en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade e ornato públicos, realizando un mantemento periódico que inclúe o repintado.
- Antes da instalación do elemento auxiliar que ocupará a vía pública poñerase en coñecemento da Policía Local, coa finalidade de que se coloquen as sinais de tráfico e de seguridade que se consideren pertinentes.